



CIRCULAR INFORMATIVA 16/2024

1. PROGRAMA DE XESTIÓN COLEXIAL E DA QUENDA DE OFICIO EN LIÑA: COLABOWEB

Entrada en funcionamento o 22.11.2024

Dende hoxe está en funcionamento o programa en liña de xestión da ficha colexial e do servizo de asistencia a persoas detidas e quenda de oficio. Para acceder a el, cómpre validar o usuario na páxina web e ir ao apartado “ColaboWEB”. Unha vez dentro, será necesario o acceso mediante sinatura dixital ACA para garantir o acceso individual seguro aos datos persoais.

A aplicación dispón de dous apartados:

1. **Datos xerais do colexiado/a.** Permite o acceso á ficha colexial e a realización de todo tipo de xestións en liña (cambio de datos profesionais, descarga de certificados de colexiación, pases de prisión, consulta dos cargos de cotas colexiais e do seguro de responsabilidade civil etc.).
2. **Xestión da quenda de oficio.** Dende esta pestana, os colexiados/as de alta no servizo de asistencia a persoas detidas, a vítimas de violencia de xénero ou nas quendas, poderán ver todas as designacións e os seus expedientes, as que figuran aboadas ou pendentes, as especialidades en que están de alta, a posición na orde das designacións, os días das gardas, así como descargar certificados do día da garda. Tamén se poderán declarar as actuacións e as quendas das declaracións trimestrais, a presentación dos xustificantes diarios das gardas etc.

O persoal técnico do colexio está a preparar unha xornada práctica para explicar o funcionamento deste programa. Para resolver calquera dúbida, poderase contactar con Carlos Polo (informática) ou con Manuel Arza (secretaría técnica).

Ligazón ao Colaboweb: <http://2.136.12.22:8090/presentacion.aspx>

2. RECORDATORIO: SEMINARIO “TÉCNICAS DE ESCRITURA E COMPOSICIÓN DE DOCUMENTOS XURÍDICOS”

Días: 25, 27 de novembro e 2 e 4 de decembro (luns e mércores)

Horario: de 18.30 a 21.00 h

Lugar: aula 1 da Escola de Práctica Xurídica (facultade de dereito, planta soto)

Inscrición: ata o 25 de novembro ás 14.00 h, no correo linguista@icasantiago.org

Matrícula: gratuíta para colexiados/as do ICA de Santiago

Imparte: Martín Ramos, asesor lingüista do ICA de Santiago

Programa:

1. Características da redacción xurídica tradicional / moderna
2. Convencións e pautas estilísticas para a produción de textos xurídicos
3. A composición do documento: parámetros e formato no procesador de textos
4. Referencias e modelos tipolóxicos para a elaboración de escritos.